

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

Muros



un paseo de
historia e vida

Muros



A MOI NOBRE, A MOI LEAL E A MOI HUMANITARIA VILA DE MUROS ESTÁ SITUADA NO EXTREMO NORTE DA RÍA DE MUROS E NOIA. OS PRIMEIROS DOCUMENTOS SOBRE A SÚA FUNDACIÓN DATAN DO SÉCULO XIII E É ESPECIALMENTE COÑECIDA POLA SÚA FACHADA MARÍTIMA E O SEU TRAZADO HISTÓRICO MEDIEVAL DE SOPORTAIS, PRACIÑAS E CALELLAS DE ORIXINAIS NOMES. POR TODO ISO, A CIDADE VELLA DE MUROS FOI DECLARADA CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO NO 1970.

Imprescindibles

A Igrexa de San Pedro de Muros



B Capela de San Xosé



C Capela das Angustias



D Rúa do Hospital e
Casa de Beneficencia




E Praza da Peixaria Vella e
Fonte do Lagarto



F Mercado



A ruta



- 1 Curro da Praza
- 2 Rúa A Porta da Vila
- 3 Rúa do Camiño Novo
- 4 Rúa das Laxes
- 5 Praza de San Xosé
- 6 Praza de San Pedro
- 7 Rúa Hospital
- 8 Rúa Real
- 9 Praza do Cristo
- 10 Praza da Peixaría Vella
- 11 Praza de Galicia
- 12 Rúa da Axesta
- 13 Rúa Don Diego
- 14 Avenida Castelao



Muros

A MOI NOBRE, A MOI LEAL E A MOI HUMANITARIA VILA DE MUROS ESTÁ SITUADA NO EXTREMO NORTE DA RÍA DE MUROS E NOIA. OS PRIMEIROS DOCUMENTOS SOBRE A SÚA FUNDACIÓN DATAN DO SÉCULO XIII E É ESPECIALMENTE COÑECIDA POLA SÚA FACHADA MARÍTIMA E O SEU TRAZADO HISTÓRICO MEDIEVAL DE SOPORTAIS, PRACIÑAS E CALELLAS DE ORIXINAIS NOMES. POR TODO ISO, A CIDADE VELLA DE MUROS FOI DECLARADA CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO NO 1970.

A ruta pola cidade vella empeza na praza principal coñecida como **Curro da Praza 1**, un lugar de doado acceso, con aparcadoiro e parada de autobús próximos. O seu nome débese a que nun tempo pasado as corridas de touros eran habituais na localidade.

O edificio máis emblemático da praza é a CASA CONSISTORIAL. Construído no século XX, na súa fachada principal neogótica destacan os arcos oxivais, que tamén se poden ver noutros edificios da vila, e unha torre grande que alberga o escudo municipal e un reloxero. O actual escudo de Muros conserva os emblemas de Castela e León, por ter pertencido a estes reinos, e incorpórase, ademais,

dúas vieiras, que aluden á súa dependencia da Mitra compostelá, e unha carabela, que lembra a participación dos navíos muradáns na conquista de Málaga en 1487.

A praza está arrodeada de construcións tradicionais, os baixos das cales albergan bares e restaurantes, onde se pode degustar a gastronomía típica da zona, principalmente peixe e marisco da ría. Un dos edificios máis emblemáticos é, sen lugar a dúbida, o vello TEATRO MERCEDES, de estilo modernista, que nace en 1925 como salón de baile e teatro, e acolle na actualidade ao Mesón-Cervexaría Teatro. A Casa Sampedro e a cervexaría O



PÁXINA OPOSTA Muros
DEREITA Teatro Mercedes





[Curro](#) completan a oferta de hostalaría desta zona.

Nas inmediacións atopámonos tamén con establecementos singulares coma o [Bar Muelle](#), moi coñecido pola súa tortilla de patacas e os ovos fritos; o [Restaurante Don Bodegón](#), que conta no seu interior cunha pequena exposición sobre a historia marítima de Muros; e o contiguo [Bar El Ancla](#), ao que acoden diariamente mariñeiros para degustar as súas xenerosas tapas e o seu coñecido




polbo «á feira». O nome fai mención á âncora que está situada xusto en fronte e que pertencía á Fragata Ariete, a cal naufragou no ano 1966 moi preto de Muros. A [Cervexaría A Cova](#) que foi unha antiga tenda de efectos navais e o [Bar O Cabalo de Pedra](#) con exposicións temporais, tamén serven café, xeados e copas, sobre todo nas súas animadas terrazas durante o verán.

A praza limita coa [rúa A Porta da Vila](#) ², un dos lugares por onde se entraba ao recinto protexido pola antiga muralla medieval, da cal conservamos este topónimo e algunhas edificacións con soportais e construídas sobre as paredes da muralla coma a [CASA FABEIRO](#), a [CASA MALVÁREZ](#) e o vello [CUARTEL](#). Dende aquí accedemos á [rúa do Camiño Novo](#) ³, que nos leva á parte alta da vila, onde se ergue a actual [IGREXA PARROQUIAL DE](#)

ARRIBA Pila de auga bendita
ABAIXO Mariñeiro

[SAN PEDRO DE MUROS](#) e a [ANTIGA COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO](#). O templo é un claro exemplo de estilo gótico mariñeiro e a súa cuberta de madeira aseméllase á quilla invertida dun navío. A súa construción foi promovida por don Lope de Mendoza, no século XIV sobre unha vella edificación datada no século XII. Esta igrexa co tempo experimentou diversas ampliacións. Da primitiva edificación consérvanse a portada principal, o rosetón, algúns canzorros e numerosos signos gremiais gravados na súa cantaría.

Xa dunha época posterior, destaca a torre campanario, de estilo barroco, á cal se pode subir dende o interior da igrexa, para gozar das vistas panorámicas sobre Muros, a ría e o porto. Podemos visitar tamén as tres salas de exposición de arte sacro, onde se presentan pezas de ourivería, ornamentos litúrxicos e, especialmente, a imaxe de [SANTA ANA TRIPLE](#) –representación de Santa Ana coa Virxe e co Neno-, dos séculos XIV e XV. Tamén paga a pena ver a [CAPELA DO SANTO CRISTO DA AGONÍA](#), onde se atopa unha talla de Xesús



crucificado, do século XVIII, executada cun gran dramatismo e coa particularidade de que está articulado nos ombros para facilitar o seu descenso durante o sermón das sete palabras e o desencravo, que ten lugar cando se lle baixa da cruz en Semana Santa.

Antes de abandonar a igrexa debémonos deter ante a [PÍA DE AUGA BENDITA](#), unha peza única e singular, xa que no seu interior hai unha representación dunha serpe enrodada, que representa o pecado, somerxida na auga bendita, que todo o purifica. Esta serpe converteuse nun símbolo da igrexa, polo que alí mesmo tamén se poden adquirir recordos coma colgantes e xabóns coa súa forma.

Fronte á igrexa, a [rúa das Laxes](#) ⁴ condúcenos a próxima [praza de San Xosé](#) ⁵, un dos recunchos máis pintorescos da vila, con

ARRIBA San Pedro de Muros
ABAIXO Santo Cristo da Agonia



casas de vivas cores e abundante vexetación. A sinxela [CAPELA DE SAN XOSÉ](#), de 1727, e o seu cruceiro completan o conxunto. Nas inmediacións, tamén merecen unha visita os [LAVADAIROS PÚBLICOS DE CHALÓN](#).

Dende aquí nos diriximos á próxima **praza de San Pedro** 6, onde se localiza a [CAPELA DAS ANGUSTIAS](#), construída no ano 1665 sobre a antiga igrexa de San Pedro, do século X, nos muros da cal aínda están presentes as marcas dalgún dos canteiros que alí traballaron. Parte do edificio foi rehabilitado

ABAIXO Capela de San Xosé



para albergar o Centro de Recepción de Visitantes e Interpretación do Patrimonio.

Baixamos pola **rúa Hospital** 7, que debe o seu nome ao «HOSPITALINO», antigo hospital para pobres fundado no século XIV por D. Diego Rodríguez de Muros, xuíz da vila e devanceiro da famosa saga de bispos que fixeron historia no século XV. Na actualidade emprégase como centro sociocomunitario, conta con máquinas de autoservizo de café, refrescos e aperitivos e é un lugar perfecto para facer un breve descanso, xa que dende as súas instalacións contéplase o claustro e un coidado xardín. Seguimos descendendo e atopámonos coa chamada [FONTEVELLA](#), xunto

á que podemos contemplar unha pequena ponte que sobrevoa a rúa.

Continuamos o noso paseo pola **Rúa Real** 8 que nos conduce ao conxunto medieval de Muros, onde imos descubrindo os curiosos nomes das súas rúas: Paciencia, Angustia, Soidade, Sufrimento, Esperanza..., vinculados aos naufraxios ocorridos nesta costa que, sen dúbida, marcaron, e aínda o seguen a facer, a historia da vila. Á nosa dereita na rúa Ancha nº 6 a [Panadaría-Pastelaría Corona de Galicia](#) ofrécenos o seu pan, bolaría, pastas de té e empanadas elaboradas de xeito artesán no seu propio obradoiro. En fronte destaca pola súa rica decoración labrada en pedra un edificio modernista, de principios de século XX, nos baixos do cal se sitúa [Deportes Casais](#). No nº 9 o [Asador Ría de Muros](#) ofrécenos toda a gastronomía da zona nun edificio rehabilitado de forma respectuosa, onde a madeira e a pedra logran crear un ambiente moi agradable.



Volvendo á **rúa Real** atoparemos varios negocios relacionados coa decoración do fogar, como [Ksiña](#), [Bazar Alai](#) ou [Rucacha](#), instalados en robustos edificios de corte clásico con boa cantaría, enfeitados balcóns e ventás de esmerada rexas. Na perpendicular e estreita rúa do Rosal, noutro edificio rehabilitado, localizamos a boutique [Rosa Neuf](#), unha tenda de moda e complementos, onde a muller é a verdadeira protagonista.

Así chegaremos á **praza do Cristo** 9, outrora coñecida como praza da Leña porque aquí se vendía a madeira imprescindible para queantar as lareiras (cociñas-chemineas). Está presidida por un cruceiro barroco do ano 1789 que destaca pola súa esvelta columna.

ARRIBA Praza do Cristo
ABAIXO Rúa do Sufrimento



Antes de continuar a nosa ruta chámanos a atención o edificio modernista da familia Iglesias, onde se abriu a primeira farmacia de Muros e que hoxe é unha tenda de fotografía. Moi preto tamén atopamos a tenda gastronómica [Ultramarinos Jesús da Meca](#), especializada en produtos delicatessen do mar, como algas procesadas, conservas artesás ou patés de crustáceos, así como todo tipo de artigos amparados baixo as diferentes denominacións de orixe galegas.

Seguimos camiñando cara á **praza da Peixaría Vella** ¹⁰, que, animada polas numerosas tascas e baiucas que alí se estableceron, converteuse na zona de viños e tapas por excelencia de Muros. Resulta un lugar agradable con terrazas, ideal para deternos a gozar da arquitectura popular e da boa atmosfera. No centro da praza está a [FONTE DO LAGARTO](#), cun curioso réptil que noutra época foi alíxero, esculpida no ano 1929 por Francisco Iglesias, o mellor canteiro da vila.

Nesta praza podemos visitar o obradoiro de ourivería [La Mar Océana](#), dedicada ao deseño de pezas únicas executadas por un grupo de artesáns con máis de trinta anos de experiencia; conta con obradoiro propio e un local de exposición aberto a outras manifestacións artísticas.

Tamén hai pequenas tendas familiares coma a [Mercería Gerpe](#), aberta dende hai máis de 70 anos e que, curiosamente, durante catro xeracións, foi pasando sempre de tías a sobriñas. Os botóns son a súa especialidade, aínda que tamén podemos atopar todo tipo de artigos de costura, lenzaría, roupa para nenos...

Na achegada **praza de Galicia** ¹¹, atopámonos co monumental edificio de cantaría do Mercado de Abastos. As súas dimensións dannos unha idea da importancia comercial desta vila. A súa orixinal dobre escalinata, para algúns inspirada na do Obradoiro da



catedral de Santiago, construíuse no século XIX baixo trazas eclécticas.

Continuamos o paseo pola **rúa da Axesta** ¹² e alí achamos algunhas tendas familiares, coma xoiaría, tenda de tecidos, mercería... Dende aquí paga a pena desviarse cara a **rúa Don Diego** ¹³ para admirar o curioso arco gótico que cubre parcialmente parte da rúa e soporta a estrutura dunha pequena vivenda.

Volvemos a nosa ruta e detémonos nunha orixinal fonte coñecida como a [FONTE DA AXESTA](#), onde non é estraño ver aos veciños facendo fila cada día para recoller auga, xa que está considerada a mellor da vila. Ao

final da rúa, atopamos a [CAPELA DE SANTA ISABEL](#), de pequenas dimensións e propiedade privada, que unicamente abre as súas portas na Festa dos Remedios. Dende aquí temos unha vista inmejorable da enseada e do porto de Muros, que nos convida a camiñar polo seu Paseo Marítimo.

Na **Avenida Castelao** ¹⁴, que é a principal fachada marítima de Muros, descubrimos as típicas construcións mariñeiras, viven-

PÁXINA OPOSTA, ARRIBA Fonte do Lagarto
PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Praza da Pescadería Vella
ARRIBA Mercería Gerpe
ABAIXO Panadería París






das compostas por un baixo con soportais de arco apuntado ou de medio punto, que ás veces queda por debaixo do nivel das rúas. Noutro, na parte baixa das casas adoitábase ver escenas nas que os homes reparaban os aparellos de pesca mentres que as mulleres, nas pías, salgaban e lavaban o peixe. Na parte alta estaba a vivenda e, a finais do século XIX, seguindo a moda imperante do momento, incorporouse outro elemento popular da arquitectura galega: a galería.

Ao comezo da rúa recíbenos a ESCULTURA AO MARIÑEIRO DESAPARECIDO, obra de Ramón Conde, inaugurada en 1989, que representa á muller que, coa alma triste, olla o mar que tantas vidas se cobrou.

Ao longo do paseo hai unha ampla e variada oferta de cafetarías, restaurantes e baiucas que nos invitan a probar os produtos locais, entre eles, a Tortilla Romana, unha sobremesa típica de Muros que consiste nun biscoito con crema no seu interior e bañado con caramelo; algúns din que a receita a trouxo un mariñeiro portugués que recalou neste porto, aínda que para outros a inventora é unha familia local.



Atopámonos tamén co edificio do vello CINE PARÍS, construído no século XX, en estilo ecléctico, que na actualidade está pendente dunha futura restauración. Un pouco máis adiante, no nº 43, está a coñecida como a CASA DO CAPITÁN, un edificio modernista de principios do século XX, onde chama a atención a esmerada decoración, a súa fachada curvilínea e a porta de acceso. A grande oferta comercial desta avenida, con farmacias, artigos de deporte, alimentación, estancos, panadarías, tendas de recordos, ferraxerías, artigos náuticos e de pesca, tendas de roupa..., complétase co mercado que se celebra tódolos martes e venres do ano; o ambiente é perfecto para tomar uns viños e unhas tapas.



PÁXINA OPOSTA, ARRIBA Capela de Santa Isabel
PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Fonte da Axesta
ARRIBA Avenida Castelao
ABAIXO Escultura ao mariñeiro desaparecido



A Fábrica de Sel

Coa chegada dos industriais cataláns e cántabros no século XIX, a paisaxe urbana de Muros e a súa comarca empezou a poboarse de fábricas de salgadura, fundamentalmente, de sardiña e arenque. Chegou a haber máis de trinta, o cal supuxo un gran pulo económico para a vila.

A escasos metros do Centro Histórico de Muros atópase a FÁBRICA DE SEL, unha antiga empresa de salgadura, posteriormente reconvertida en fábrica de conservas ata 1976. Actualmente o edificio alberga exposicións permanentes sobre a Carpintaría de Ribeira, a industria conserveira e os naufraxios da zona.

O Santuario da Virxe do Camiño

Á saída de Muros pola AC-550, vindo dende o norte, edificouse o SANTUARIO DA VIRXE DO CAMIÑO, segundo os modelos da arquitectura gótica mariñeira. Está apegado ao vello HOSPITAL DE LÁZAROS, do século XV, que foi levantado coas doazóns de numerosos veciños da vila.

No interior da igrexa chaman a atención os exvotos, algúns con forma de navío, que os mariñeiros ofrendan á Virxe en agradecemento por libralos dos perigos do mar. A talla do Cristo Toscano que acolle o santuario é unha xoia da imaxinería gótica, que lembra

os contactos marítimos de Muros con Italia. Non debemos esquecer que algúns peregrinos chegaban por mar a este porto para continuar o seu camiño a Compostela e se aloxaban neste hospital.


O Muíño de Mareas do Pozo do Cachón

Seguindo a AC-550, a un quilómetro do Curro da Praza atopámonos co MUIÑO DE MAREAS DO POZO DO CACHÓN, no Agro das Mareas e preto do conxunto a PONTE DOS MUIÑOS, denominacións que fan referencia ao propio muíño, construído, a principios do século XIX, grazas a Ignacio Pérez Bazarra, natural de Muros e emigrante retornado de Arxentina.

Aínda que naquela época na zona xa existían unha infinidade de muíños, decidíuse construír un de mareas co fin de procurar fórmulas alternativas para moer o cereal,

PÁXINA OPOSTA Fábrica de Sel

ABAIXO Muíño de mareas do Pozo do Cachón



principalmente millo, cando o caudal dos ríos era menor. Este tipo de muíños embalsaba a auga coa subida das mareas, que en Galicia é bastante acusada, e coa baixamar canalizábase cara ás súas rodas, que ao xirar accionaban as moas. Este tipo de construcións son bastante comúns en países coma Irlanda, o Reino Unido ou os Países Baixos, pero en Galicia existen poucos exemplares e este é sen dúbida un dos máis importantes e grandes de Europa.

Ademais de ter unha historia muiñeira, o edificio foi reconvertido no século XX nunha casa de baños, os baños de Santa Rita, especializados na curación de enfermidades reumáticas a base de tratamentos tépedos de auga mariña e algas.

Tras varios propietarios e usos, o muíño foi restaurado polo Concello de Muros e acolle o [CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA RUTA DOS MUÍÑOS DA COSTA DA MORTE](#), onde se amosan construcións que formaron parte da historia da zona. O centro de interpretación divídese en dúas partes ben diferenciadas: a zona dedicada ao muíño e sede da institución, e o almacén-casa de baños, que hoxe se emprega como sala de exposicións.

Nas inmediacións atópase Casa Anido, unha vella fábrica de salgadura con máis de dous séculos de antigüidade, hoxe reconvertida en restaurante, que nos ofrece unha gastro-

nomía tradicional mariñeira e que dispón dunha terraza con espléndidas vistas de Muros e da súa ría.

O Porto de Muros e a lonxa

A importancia histórica de Muros está intimamente vencellada ao seu amplo e abeirado porto que foi considerado, dende o século XV, como un dos mellores de Galicia e foi declarado Porto de Refuxio en 1880.

Sen dúbida, a principal actividade económica da localidade é a pesca. Polas tardes, pódese gozar da chegada dos barcos ao porto e da posterior descarga e venda do peixe no Edificio da Lonxa. A lonxa está xestionada pola Confraría de Pescadores e a entrada ao recinto como visitante está aberta ao público, aínda que de xeito controlado. Inmediatamente despois da poxa, podémonos achegar aos postos de venda de peixe e marisco, na mesma explanada, para adquirir os produtos frescos acabados de poxar.

No porto, que conta cun bo calado, comparte o espazo dos peiraos: un pantalán, onde se amarran os iates, e unha dársena, onde se gorecen as embarcacións menores, creando un colorido e harmonioso conxunto.





გზიციბ